



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Escola Municipal de Música
"Bernardo del Río"

Avda. Rosalía de Castro, 14
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 510 770
CIF: P/3606000 B
escolamusica@vilagarcia.gal
www.vilagarcia.gal
www.emmusicavilagarcia.com

PROXECTO EDUCATIVO

CURSO 2024/2025

Escola Municipal de Música

"Bernardo del Río"

Vilagarcía de Arousa



INDICE

1.- Marco legal: Normativa de ámbito autonómico	3
A orde do 11 de marzo de 1993 regula as condicións de creación e funcionamento das escolas específicas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia, ás que fai referencia o Capítulo VI da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.	3
As escolas de música e danza terán como finalidade xeral ofertar una formación práctica en música, danza ou conxuntamente nas dúas disciplinas, dirixida a afeccionados de calquera idade, sen prexuízo da súa función de orientación a estudos profesionais dos que teñan unha especial vocación e aptitude. Os estudos de música e danza cursados nestas escolas específicas non conducirán á expedición de títulos con validez académica ou profesional.	3
2.- Introducción.....	3
3.- Obxecto.....	4
4. O Centro e o seu contorno.....	4
4.1.- Titularidade.....	5
4.2.- Datos Xerais.....	5
5.- Obxectivos da Escola Municipal de Música	5
5.1.- Obxectivos Xerais.....	5
5.2.- Obxectivos Específicos	6
6.- Capacidade do Centro	8
.- Recursos.....	8
7.1.- Equipo Humano	8
7.2.- Instalacións	10
8.- Plan de Estudos.....	11
8.1.- Contido das Materias	11
8.2.- Obxectivos das Materias	13
9.-Criterios de avaliación:	15
10.-Compromiso de actuación:	16
11.- Organigrama do Plan de Estudios.....	17
12.- Temporalización das Clases.....	18
13.- Agrupamento do Alumnado.....	18
14.- Servizos da Escola Municipal de Música	18
15.- Admisión de alumnos/as.....	19
Renovación de prazas.....	19
Solicitudes.....	19
Formalización da matrícula: Documentación.....	20
Baixas.....	20
Pagamentos	21
Pagos	21



1.- Marco legal: Normativa de ámbito autonómico

A orde do 11 de marzo de 1993 regula as condicións de creación e funcionamento das escolas específicas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia, ás que fai referencia o Capítulo VI da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

As escolas de música e danza terán como finalidade xeral ofertar una formación práctica en música, danza ou conxuntamente nas dúas disciplinas, dirixida a afeccionados de calquera idade, sen prexuízo da súa función de orientación a estudos profesionais dos que teñan unha especial vocación e aptitude. Os estudos de música e danza cursados nestas escolas específicas non conducirán á expedición de títulos con validez académica ou profesional.

A Lei 7/2004 de 16 de Xullo, para a igualdade de mulleres e homes, así como o Real Decreto 732/1995, de 5 de Maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.

2.- Introducción

A Escola Municipal de Música de Vilagarcía, foi un dos centros pioneiros do ensino musical na bisbarra do Salnés e durante os 30 anos de historia que acumula, foron moitísimos os alumnos/as que pasaron polas súas aulas, moitos dos cales aproveitaron a formación recibida para dedicarse profesionalmente á música. De feito, moitos dos que un día foron alumnos/as desta escola, son hoxe recoñecidos profesionais da docencia musical en conservatorios, escolas de música ou colexios... Outros moitos optaron pola faceta interpretativa como profesionais de música, posto que non hai que esquecer que a Escola Municipal de Música nutre tanto ó Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía, como tamén á Banda Municipal de Música da cidade, así coma outras agrupacións, tanto de música moderna como clásica.



Un dos principais atractivos da nosa Escola, é un amplo abano de especialidades que ofrece ó alumnado, (a partir dos 3 anos, e sen límite de idade).

A Escola Municipal de Música é un centro de ensinanzas non regradas, deseñado para satisfacer as inquietudes musicais, e a súa actividade desenvólvese en tres ámbitos:


Educativo, cultural e social

3.- Obxecto

Este proxecto ten por obxectivo regular a prestación do servizo da Escola Municipal de Música, dependente da Concellería de Educación do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, concibida como un espacio privilexiado onde se asenta a educación musical, permitindo a mellora constante das relacións entre a dirección da Escola, os pais e nais, titores ou representantes legais, os/as mestres e a administración titular do centro.

4. O Centro e o seu contorno

A nosa Escola de Música está situada no Concello de Vilagarcía de Arousa, comarca do Salnés. O alumnado matriculado, no seu 99%, pertence ás parroquias do propio concello: Arealonga, Bamio, Carril, Cea, Cornazo, Fontecarmoa, Rubiáns, Sobradelo, Sobrán, Solobeira. Vilagarcía, capital da Ría de Arousa e porto natural de Santiago de Compostela, no ano 2024 o municipio contaba cunha poboación de 37.761 habitantes. Limita ao norte con Catoira, ao leste con Caldas de Reis, ao sur con Vilanova de Arousa e ao oeste coa ría de Arousa. Dista 25 quilómetros da capital da provincia, Pontevedra.





4.1.- Titularidade

A titularidade do centro está a cargo da Concellería de Educación do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa con número de Rexistro na Consellería de Educación dependente da Xunta de Galicia: 36019891

4.2.- Datos Xerais

Enderezo: Avda. Rosalía de Castro 14, 36600 Vilagarcía de Arousa

Teléfono: 986510770.

Web: www.emmusicavilagarcia.com

E-mail: escolamusica@vilagarcia.gal

5.- Obxectivos da Escola Municipal de Música

5.1.- Obxectivos Xerais

- Dedicar todos os esforzos para lograr que a aprendizaxe da música resulte o máis lúdico e entretido posible, para que o alumno se sinta cómodo e receptivo.
- Impartir unha ensinanza de calidade baseada nunha metodoloxía activa, coa finalidade de conseguir do alumno un rendemento óptimo das súas capacidades creativas e interpretativas, sendo emisores ademais de receptores, e proporcionándolle unha base sólida en interpretación individual, e sobre todo na colectiva.
- Alentar a formación de grupos musicais, para que máis tarde se poidan independizar, proporcionándolles ademais da ensinanza, un lugar de ensaio.
- Crear unha canle de comunicación entre os centros musicais da bisbarra do Salnés, co fin de dar a coñecer as diferentes actividades que se realizan, fomentando así a interculturalidade.
- Fomenta-lo coñecemento e apreciación da música, iniciando ós nenos, dende os primeiros anos, na súa aprendizaxe.
- Desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical, sen límite de idade.



- Orientar cara a un ensino de carácter profesional cando a vocación e aptitudes do alumn@ así o aconselle, proporcionando, se é o caso, a preparación adecuada para acceder ó dito ensino.
- Ofrecer un ensino instrumental, orientado tanto á práctica individual como á práctica de conxunto.
- Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental.
- Fomentar nos alumnos o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais.

5.2.- Obxectivos Específicos

- Promover e fomentar o desenvolvemento musical, intelectual, afectivo e social dos/as alumn@s.
- Favorecer o desenvolvemento harmónico/cultural dos/as alumn@s, a través da música.
- Facilitar o desenvolvemento con respecto ás seguintes capacidades, valores e actitudes:
 - Adquirir progresivamente unha autonomía musical.
 - Fomentar valores individuais e sociais básicos: cooperación e respecto.
 - Fomentar a co-educación, eliminando calquera trato diferencial por razón de sexo, raza ou relixión.
 - Prestar especial atención á diversidade de alumn@s, respectando as diferencias que existen entre eles, e facilitando a súa integración.
- Promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquiera a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.
- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.



- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.
- Fomentar a formación de agrupacións musicais que cubran todas as áreas da escola.
- Difundir a música das nosas agrupacións, a través de concertos, festivais, eventos culturais (Santa Icíá, Nadal, Primavera, ClasClas, etc.).
- Consolidar o ciclo de actuacións internas (audicións e recitais, trimestre do compositor)
- Orientar cara un ensino profesional, cando a vocación e aptitudes do alumno, así o aconsellen, proporcionando, se é o caso, a preparación adecuada para acceder ó nomeado ensino.
- Ofertar un ensino musical complementario, cando sexa posible e contando co visto e prace do/a Concelleiro/a de Ensino (talleres, seminarios, informática musical aplicada, harmonía, improvisación etc.)



6.- Capacidade do Centro

A Escola Municipal de Música conta cunha capacidade total de 470 prazas. Actualmente atópanse habilitadas un total de 410 prazas distribuídas en 9 materias coa seguinte ratio:

Cursos Académicos	Materias	Idade	Ratio
1	Iniciación á Música	3 anos	10 alumnos por hora
4	Música e Movemento	4 a 7 anos	12-15 alumnos por hora
5	Linguaxe Musical	8 en diante	12-15 alumnos por hora
5	Especialidade Instrumental	8 en diante	2 alumnos por hora
4	Linguaxe Adultos	15 en diante	12 alumnos por hora
5	Especialidade Instrumental Adultos	15 en diante	2 alumnos por hora
Sen límite	Conxunto Instrumental	A determinar	A determinar
Sen límite	Materias Complementarias: informática musical, análise e acomp	A determinar	A determinar

.- Recursos

7.1.- Equipo Humano

Na actualidade, o equipo humano da Escola Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa, está composto por un total 9 persoas, distribuídas entre Equipo Directivo e Persoal Docente.



Equipo directivo:

- Director: Jose Alberto Estévez Rodríguez
- Xefe de Estudos: Jorge Ortal Grandal

Persoal docente:

- Piano, Linguaxe Musical e Música e Movemento: Iria M^a Caamaño Domínguez
- Corda Fretada, Linguaxe Musical e Ensamble Corda: Jorge Ortal Grandal
- Vento Metal, Linguaxe Musical e Banda Infantil/Xuvenil: Jesús Nogueira Franco
- Vento Madeira, Linguaxe M. e Grupo de Vento-Madeira: Fco. Javier España Figueira
- Guitarra, Ensamble Guitarras e Combo: José Alberto Estévez Rodríguez
- Frauta Traveseira e Grupo de Frautas: M^a Flor Santos García
- Percusión, Grupo de Percusión: Juan Antonio Rodríguez Outeda
- Iniciación á Musica, Música e Movemento: Álvaro Cardalda Meléndez

Persoal docente interino

- Piano, Linguaxe Musical Jose Carlos Fuentes González



7.2.- Instalacións

As instalacións en m² da Escola Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa son:

• Vestíbulo: 26'65 m ² .
• Sala de Concertos: 93'75 m ² .
• Sala de Mestres: 32'25 m ²
• Aula 3: 37'87 m ²
• Aula 4: 47'88 m ²
• Aula 5: 32'50 m ²
• Aula 6: 50'90 m ²
• Aulas 7, 8, 9 e 10 (actualmente divididas): 96'48 m ²
• Aula 11: 31'92 m ²
• Aula 12: 40'87 m ²
• Aseos homes: 8'10 m ²
• Aseos mulleres: 8'10 m ²
• Corredores: 90'80 m ²
• Aula de Estudo: 11'20 m ²
• Despacho Secretaría: 16'20 m ²
• Despacho Dirección e Xefatura de Estudos: 12'80 m ²
Total metros cadrados: 638'27 m ²



8.- Plan de Estudos

O Currículo completo da Escola Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa consta das seguintes etapas educativas:

a) <i>Iniciación á Música:</i>
<ul style="list-style-type: none">• <i>Duración: 1 ano</i>
<ul style="list-style-type: none">• <i>Idade dos alumnos: 3 anos</i>

b) <i>Música e Movemento:</i>
<ul style="list-style-type: none">• <i>Duración: 4 anos</i>
<ul style="list-style-type: none">• <i>Idade dos alumnos: 4-7 anos</i>
Estructura: 2 ciclos de 2 anos de duración cada un

c) <i>Cursos de Instrumento</i>
<ul style="list-style-type: none">• <i>Duración: 5 anos</i>
<ul style="list-style-type: none">• <i>Idade dos alumnos: a partir de 8 anos</i>
Estructura: Os alumnos se clasifican xa en cursos específicos de aprendizaxe e son organizados en grupos de xeito flexible mediante os criterios de Instrumento, Linguaxe Musical e Agrupacións.

Áreas: Clásica – Moderna - Tradicional - Conxunto

Materias: Linguaxe Musical – Formación Instrumental – Agrupacións instrumentais – Análise e acompañamento, Informática Musical.I.

8.1.- Contido das Materias

O contido básico de cada materia será homoxéneo, adecuando o nivel de dificultade da etapa educativa, ao curso ou área de que se trate.



Iniciación á Música e Música e Movemento

A materia de Música e Movemento é unha disciplina académica pensada e programada para os nenos e nenas de entre 4 e 7 anos, onde como obxectivo xeral está a concienciación da música coma un xogo, unha diversión e a conceptualización da universalidade da mesma, e como obxectivos complementarios a socialización, a educación en valores e o dominio do propio corpo como parte fundamental do universo do que formamos parte, xa que, nun futuro será fundamental para a práctica instrumental.

A educación musical temperá é un dos grandes avances do século XX, grazas a atención que lle deron grandes compositores e pedagogos como Orff, Kodály, Dalcroze, Willems, Violeta Hemsy o Wuytack. Estes estableceron uns métodos e sistemas que se foron desenvolvendo durante anos con gran éxito, tanto en Europa coma en América. Son moitos os estudos que demostran cómo os nenos e nenas que aprenden música dende cativos desenvolven un maior pensamento lóxico e capacidade matemática.

Música e Movemento esta dividida en dous ciclos:

- Primeiro ciclo, para nenos e nenas de 4 e 5 anos
- Segundo ciclo, para nenos e nenas de 6 e 7 anos.

Primeiro Ciclo

E ó ciclo de maior momento de xogo, onde se traballa sobre todo a **danza** como medio de expresión, como técnica de coordinación e destreza motora, así como tamén para a adquisición do sentido espacio-temporal, e o máis importante, favorecer a relación cos compañeiros e potenciar a dinámica de grupo; o **canto**, para recitar, escenificar e como instrumento onde se traballan as diferentes cualidades do son (altura, intensidade e timbre); a **introducción á pequena percusión**, onde os alumnos tocarán con instrumentos de pequeno tamaño para o seu sinxelo manexo e interpretación.

Segundo Ciclo

Este ciclo é máis instrumental que o anterior, xa que os nenos e nenas levan traballando **conceptos básicos musicais** que con 6 e 7 anos xa poden poñer en práctica. Nestas idades comezamos coa **fruta doce** interpretando os símbolos musicais nunha partitura, continuamos coa **pequena percusión** e facemos moito fincapé na interpretación con **xilófonos e metalófonos**, pero sempre sen deixar de lado a importancia da **danza e do uso da voz** para o seu desenvolvemento persoal.



Ao remate do ciclo os nenos/as terán a oportunidade de **probar os instrumentos** que se imparten na escola coa finalidade de orientalos na elección máis idónea.

Linguaxe Musical:

Lectura, escritura, entoación, audición, ritmo, armaduras de clave, tonalidade, harmonía, improvisación, etc.

Instrumento:

Son, interpretación, ritmo, articulación, fraseo, dixitación, etc.

Agrupación:

Interpretación, improvisación, dirección, etc

8.2.- Obxectivos das Materias

Linguaxe Musical

Proporcionar ao alumno a "alfabetización" musical para que poida ler e escribir música de xeito fluído. Indispensable para abordar o estudio dun instrumento clásico, moderno ou tradicional.

O seu estudio realizarase simultaneamente co do instrumento e constará de 4 Cursos.

Estes obxectivos enfocaranse cara a obtención por parte dos alumnos do nivel de competencia que lles corresponda en lectura, escritura, entoación, audición, ritmo, armaduras de clave, tonalidade, harmonía, improvisación, etc. Os recursos didácticos que se utilizarán, ademais dos métodos, serán repertorios de melodías e exercicios para interpretar ou cantar, adaptados ao nivel de dificultade propio de cada curso.

Instrumento

Os obxectivos de aprendizaxe de instrumento enfocaranse á adquisición da técnica necesaria para poder desenvolverse correctamente, tanto de xeito individual, coma en grupo, incrementando de xeito progresivo a calidade de son, a interpretación, o ritmo, a articulación, o fraseo, a dixitación etc. Tratarase de dominar no seu conxunto as técnicas sonoras e expresivas de cada instrumento.

A oferta de especialidades instrumentais que se impartan, requirirán dun mínimo de 4 alumnos por especialidade. Son as seguintes:



INSTRUMENTO	ESPECIALIDADE
Piano	
Guitarra	<ul style="list-style-type: none">○ Española○ Eléctrica○ Baixo Eléctrico
Corda	<ul style="list-style-type: none">○ Violín○ Viola○ Violoncello○ Contrabaixo
Fruta Traveseira	
Vento Madeira	<ul style="list-style-type: none">○ Clarinete○ Saxofón alto○ Saxofón tenor○ Saxofón barítono
Vento Metal	<ul style="list-style-type: none">○ Trompeta○ Trompa○ Trombón○ Bombardino○ Tuba
Percusión	<ul style="list-style-type: none">○ Batería○ Timbais○ Láminas (Lira, Xilófono e Marimba)○ Multipercusión

Agrupacións

Os obxectivos das Agrupacións enfocaranse cara a adquisición das técnicas e destrezas necesarias para a actuación en grupo. Os recursos didácticos que se empregarán para isto, serán fundamentalmente repertorios programados coa finalidade de potenciar a atención cara a interpretación, improvisación, dirección etc.



As clases de Conxuntos e Agrupacións poderían dar orixe a novas agrupacións estables que, co paso do tempo, poderán adquirir autonomía e identidade propias, enriquecendo a actividade cultural de Vilagarcía, dotando á cidade de novas alternativas de ocio e creación artística.

As actividades de Conxunto permitirán aos alumnos da Escola de Música, comprender o significado de súa formación musical ao posibilitarlle a participación dentro dun grupo. Neste senso, representan o fin último que persegue a ensinanza dun instrumento na educación musical para afeccionados, sen renunciar á orientación a estudos profesionais dos alumnos que teñan especial vocación e aptitudes.

Estas actividades de Conxunto serán a base fundamental para o desenvolvemento do noso Proxecto Educativo.

Agrupacións Instrumentais da Escola Municipal de Música

1. Ensamble de Corda Fretada.
2. Ensamble de Guitarras
3. Grupo de Percusión.
4. Grupo de Vento Madeira (Ensamble mixto)
5. Grupo de Vento Metal (Ensamble mixto)
6. Grupo de Frutas (Ensamble mixto)
7. Combo Moderno
8. Rock Band (Pais/adultos)
9. Banda Infantil / Xuvenil
10. Sinfonietta

9.-Criterios de avaliación:

Linguaxe Musical

- Entoar e recoñecer intervalos, acordes, escalas etc. a partires dunha nota dada, incrementando a dificultade en cada curso.
- Cantar os fragmentos programados durante o curso.
- Entoar fragmentos a primeira vista.
- Dictados melódicos, harmónicos e rítmicos.
- Reproducir estruturas rítmicas (palmas ou percusión corporal).
- Reproducir fragmentos melódicos (cantando)



Instrumento

- Interpretación dunha obra ou fragmento preparado con anterioridade (audición)
- Interpretación dunha obra ou fragmento a primeira vista (Valorarase no seu conxunto o dominio das técnicas e posibilidades sonoras e expresivas de cada instrumento).

Agrupación

- Interpretación dunha obra ou fragmento preparado con anterioridade (concertos)
- Interpretación dunha obra ou fragmento a primeira vista.
- Facer de líder ou director marcando o tempo de entrada, partes etc.

O proceso de avaliación e continuo, o 60% da nota - asistencia, actitude e evolución na clase.

10.-Compromiso de actuación:

- ✓ Os profesores de cada materia desenvolveran o material didáctico baseándose nos contidos previamente mencionados e nos libros ou métodos de cada instrumento.
- ✓ Cada profesor terá a responsabilidade das avaliacións dos trimestres e do proceso de ensinanza, baseándose nos contidos e nos criterios de avaliación.
- ✓ A idade mínima de entrada na materia de Instrumento será de 8 ANOS.
- ✓ Os alumnos da Escola de Música realizarán 3 audicións anuais, coincidindo cos diferentes trimestres, onde a súa participación será obrigatoria.

Realizaranse concertos de solistas, e de agrupacións, para dar o posibilidade de que o maior número de alumnos participen en ditos concertos.

- ✓ Será motivo de baixa académica, non administrativa, na Escola de Música Municipal os alumnos/as que:
 - Os/as alumnos/as de iniciación á Música e Música e movemento que teñan 3 faltas de asistencia á clase ó mes non xustificadas.
 - Nas materias de 1 hora semanal, causarase baixa con 3 faltas ó mes non xustificadas.
 - Nas materias de 2 horas semanais, será causa de baixa 6 faltas ó mes non xustificadas.



- Por calquera outra causa que sexa considerada de suficiente entidade, previo informe do equipo directivo, como incumprimento reiterado das normas do centro.

11.- Organigrama do Plan de Estudos

Primeira etapa	<u>Iniciación</u>	Iniciación á Música: 3 anos
	<u>Primeiro ciclo</u>	Música e Movemento: 4 anos. Música e Movemento: 5 anos.
	<u>Segundo ciclo</u>	Música e Movemento: 6 anos. Música e Movemento: 7 anos.
Segunda etapa		<ul style="list-style-type: none">○ 1º curso de Linguaxe Musical 1º curso de Instrumento○ 2º curso de Linguaxe Musical 2º curso de Instrumento○ 3º curso de Linguaxe Musical 3º curso de Instrumento○ 4º curso de Linguaxe Musical 4º curso de Instrumento○ 5º curso de Linguaxe Musical (acceso) 5º curso de Instrumento• Materias complementarias

Grupos Instrumentais

Non teñen límite de permanencia, podendo comezar a pertencer a calquera agrupación que oferte o centro dende o 1º curso do instrumento que curse.



12.- Temporalización das Clases

Iniciación á música	1 clase semanal de 50 minutos
Música e Movemento	1 clase semanal de 50 minutos
Linguaxe Musical	2 clases semanais de 50 minutos
Formación Instrumental	1 clase semanal de 2 alumnos, 50 minutos
Agrupación Instrumental	En función das características do grupo
Materias Complementarias	1 clase semanal de 50 minutos

13.- Agrupamento do Alumnado

O agrupamento do alumnado será a determinar, en función da demanda, pero sempre sen superar o seguinte ratio alumno-mestre:

Iniciación á Música	10 alumnos por clase
Música e Movemento	12-15 alumnos por clase
Linguaxe Musical	12-15 alumnos por clase
Formación Instrumental	2 alumnos cada 50 minutos
Agrupación Instrumental	En función das características do grupo
Materias Complementarias	Sen especificar

14.- Servizos da Escola Municipal de Música

Administración: O horario de atención ao público exporase no taboleiro de anuncios ao comezo de cada curso.

Dirección: O Equipo directivo terá uns días e horas de visita que se exporán ao principio de curso no taboleiro de anuncios.

Profesorado: Cada profesor terá o seu horario de Titoría á disposición dos alumnos/as, pais/nais e doutro profesorado.



15.- Admisión de alumnos/as

Renovación de prazos

- As datas de renovación de matrícula, anunciaranse con debida antelación no taboleiro de anuncios e na páxina web da Escola Municipal de Música, non admitíndose ningunha matrícula presentada fora de prazo. Por necesidades do centro, poderanse admitir novas matrículas, previo anuncio público nos medios de comunicación, no taboleiro e na páxina web, do novo prazo.
- Poderán renovar matrícula todos aqueles alumnos que:
 - Estivesen matriculados durante o curso anterior.
 - Non teñan recibos pendentes.
- Os alumnos que no renoven a matrícula no prazo establecido, considerarase que causan baixa con perda de todos os dereitos.
- Unha vez pechado o prazo para os antigos alumnos, abriráse o prazo de matrícula para os alumnos novos.

Solicitudes

Poderá solicitar o ingreso o alumnado a partir de 3 anos de idade, tendo prioridade os empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa. Terá preferencia na admisión o alumnado que formalice a pertinente solicitude de admisión.

As persoas solicitantes admitidas sono a título persoal e intransferible.

As prazos do novo alumnado outorgaranse en función do número de vacantes, e no caso de haber máis solicitudes que vacantes, a prioridades será a seguinte:

- 1.- Aqueles solicitantes que teñan familiares directos (irmáns e pais) matriculados no centro.
- 2.- A letra de corte para os apelidos que estableza a Xunta de Galicia, segundo establece a Orde do 12 de marzo do 2013, DOG do 15 de marzo polo que se regula a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Non será admitido na EMMVA o alumnado no que concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- Os expulsados mediante expediente disciplinario.
- Os que non se atopan ao corrente coas súas obrigas tributarias co Concello.



- Os impresos de solicitude de admisión poderanse descargar na paxina web www.emmusicavilagarcia.com así como na <https://sede.vilagarcia.gal> (formulario de solicitude 13001). Na medida do posible, recomendase realizar a presentación da solicitude vía telemática no seguinte correo; escolamusica@vilagarcia.gal . A presentación da solicitude non supón, en ningún caso, a admisión automática.
- As solicitudes para: cambio de instrumento, cambio de horario ou grupo, etc, presentaranse no impreso adecuado que será facilitado na Secretaría, dándose traslado do mesmo á Xefatura de Estudos. Estes cambios concederanse, dependendo das prazas, grupos e horarios vacantes.
- Para solicitar cambio de instrumento será necesario ter realizado un curso completo co instrumento que se está cursando. Igualmente se concederá o cambio, dependendo das prazas vacantes, e sempre informe favorable da xefatura de estudos.
- Unha vez rematada a matriculación, e ofertadas todas as prazas vacantes que houberse na escola de música, se estas non se cobren, o centro ofertará ditas prazas para escoller un segundo instrumento ós alumnos xa matriculados.

Formalización da matrícula: Documentación

As persoas interesadas deberán presentar:

- Impreso de matrícula debidamente cumprimentado. No caso de alumnas/os menores de idade a solicitude deberá ir asinada pola nai, pai, ou persoas que o representen legalmente.
- Fotocopia do DNI da persoa interesada maior de idade, ou da nai ou pai, ou persoas que representen legalmente á nena ou neno no caso de menores de idade. Certificación bancaria da conta onde se desexe domiciliar o pago dos recibos pola utilización do servizo municipal da escola municipal de música, onde apareza titular e IBAN de conta.

Baixas

- Será motivo de baixa académica (non administrativa) na Escola Municipal de Música os alumn@s que:
 - Incumpran o pago das cotas trimestrais establecidas.
 - Os/as alumn@s de Música e Movemento que teñan 3 faltas de asistencia ó mes non xustificadas.
 - Nas materias de 1 hora semanal, causarase baixa con 2 faltas ó mes non xustificadas.
 - Nas materias de 2 horas semanais, será causa de baixa 4 faltas ó mes non xustificadas.



- Por calquera outra causa que sexa considerada de suficiente entidade, previo informe do equipo directivo, como incumprimento reiterado das normas do Centro.
- As baixas producidas por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coa lista de espera por rigorosa orde.

Pagamentos

Pagos

- Os pagos rexeranse conforme a Ordenanza Municipal do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa. A continuación especificase a Ordenanza referente á Escola de Música Municipal.
“Ordenanza Nº III.4 Reguladora do prezo público pola utilización das instalacións e por impartición de ensinanzas na Escola Municipal de Musica”

En Vilagarcía de Arousa, a 5 de setembro de 2024

O director

Asdo.: Jose Alberto Estévez Rodríguez